


DETERMINACIÓN DE PROTEÍNAS: REACCIÓN DO BIURET


Fundamento teórico:

A reacción do Biuret é unha **reacción propia das sustancias que conteñen dous grupos $-\text{CONH}_2$** , unidos directamente ou por medio dun átomo de carbono ou de nitróxeno. Así os **enlaces peptídicos** que se encontran nas proteínas dan positiva dita reacción polo que se usa moito como ensaio cualitativo da presenza de proteínas.

A reacción do biuret débese á coordinación de ións cúpricos cos pares de electróns sen compartir do nitróxeno do péptido e do osíxeno da auga, coa formación dun complexo coloreado que pode variar de violeta purpúreo a violeta rosado ou simplemente rosa (ou incluso azul), dependendo da complexidade da proteína utilizada.



biuret:



Material:

- | | |
|-------------------|--|
| ■ Tubos de ensaio | ■ Disolución proteica |
| ■ Gradilla | ■ Hidróxido de sodio (NaOH) |
| ■ Pipetas | ■ Sulfato de cobre (II) (SO ₄ Cu) |

Procedemento:

1. Pipetear 2 cc da disolución de proteína e colocala nun tubo de ensaio.
2. Engadir a mesma cantidade de NaOH
3. Engadir 3 ou 4 gotas de SO₄Cu
4. A reacción será positiva se se observa unha coloración violeta.

